

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE ABRIL DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 3 e 5 de abril de 2013, respectivamente.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase conceder a licenza municipal de instalación e apertura dun almacén de biocidas e produtos de limpeza con acceso de vehículos para carga e descarga, na rúa Santo Graal número 115 baixo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para instalación de marquesina en aparcadoiro sito en solo urbano, na rúa Milagrosa, número 98; para a construción de nave para almacén de empresa construtora na rúa Dos Torneiros, parcela 21; para ampliación de planta baixa, sen uso definido no edificio sito na rúa Montevideo, número 29; para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no núcleo rural de Mouriz, parroquia de Benade e para legalización de acondicionamento acústico, saída de emerxencia e chimenea de evacuación de gases en hotel, sito en solo urbano, na rúa Miguel de Cervantes, número 8, baixo.

Así mesmo, acórdase a denegación de licenza para peche de finca sita en solo urbano na rúa avetarda, número 39 e rúa Alvedro, 35.

Tamén se acorda a concesión da licenza de primeira utilización para as vivendas 4º a, 4º b e 5º b completando con estas tres vivendas a totalidade do portal do edificio, sito na rúa da Baixa nº 2 con licenzas de obras nº 206/06, 886/06, 910/06, 1138/09, 381/11 e 147/13.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	12/04/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2
 suT3rT9utHARJZfB264k8g==			

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a concesión de licenza para as obras solicitadas con data do 26 de novembro de 1998 para reforma e acondicionamento para a sede da dirección provincial do sergas, para uso administrativo e laboratorios, así como as obras solicitadas con data do 7 de xuño de 2012 para a remodelación parcial, reforma e acondicionamento do edificio destinado a laboratorio de saúde pública, sito en solo urbano, na rúa Montevideo, número 9.

- Acórdase o procedemento de licitación para a autorización de instalación de restaurantes, postos de elaboración de comida e atracción infantil no Arde Lucus 2013 prorrogable.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.

Código Seguro de verificación:suT3rT9utHARJZfB264k8g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	12/04/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	suT3rT9utHARJZfB264k8g==	PÁGINA 2/2



suT3rT9utHARJZfB264k8g==